

Disposición derradeira primeira. *Título competencial e carácter de lexislación básica.*

Este real decreto ten carácter básico, e dítase ao abeiro da competencia exclusiva atribuída ao Estado no artigo 149.1 30.º da Constitución española e de acordo co previsto no artigo 45 da Lei orgánica 6/2001, do 21 de decembro, de universidades, e o artigo 4 da Lei orgánica 10/2002, do 23 de decembro, de calidade da educación.

Disposición derradeira segunda. *Desenvolvemento normativo.*

Correspóndelle ao titular do Ministerio de Educación e Ciencia ditar as normas que sexan precisas para a aplicación e desenvolvemento do establecido neste real decreto.

Disposición derradeira terceira. *Entrada en vigor.*

Este real decreto entrará en vigor o día seguinte ao da súa publicación no «Boletín Oficial del Estado».

Dado en Madrid o 21 de abril de 2006.

JUAN CARLOS R.

A ministra de Educación e Ciencia,
MERCEDES CABRERA CALVO-SOTELO

(Este real decreto publícase tendo en conta a corrección de erros publicada no BOE núm. 102, do 29-4-2006)

MINISTERIO DE AGRICULTURA, PESCA E ALIMENTACIÓN

7172 REAL DECRETO 420/2006, do 7 de abril, polo que se modifica o Real decreto 685/2002, do 12 de xullo, polo que se establecen determinadas medidas para a súa aplicación no sector dos produtos transformados a base de froitas e hortalizas. («BOE» 96, do 22-4-2006.)

O Regulamento (CE) n.º 2201/1996 do Consello, do 28 de outubro, polo que se establece a organización común de mercados no sector dos produtos transformados a base de froitas e hortalizas, no seu artigo 5.4 dispón que os Estados membros poderán dividir o seu limiar nacional previsto para os tomates en dous sublimiars, un para a transformación en tomates pelados enteiros e o outro para o resto de produtos elaborados autorizados.

Por medio do Real decreto 685/2002, do 12 de xullo, polo que se establecen determinadas medidas para a súa aplicación no sector dos produtos transformados a base de froitas e hortalizas, establecéronse, no seu artigo 5, os ditos sublimiars, así como a forma e periodicidade para determinalos a partir da campaña 2006/2007.

Tendo en conta a perda de representatividade da produción dos tomates para a fabricación de tomates pelados enteiros no conxunto dos tomates para transformación, debido ao notable incremento das producións dos tomates para os outros tipos de elaborados, se se apli-

case o que dispón a normativa para a determinación dos ditos sublimiars, obteríase un nivel tan reducido do sublimiar dos tomates para pelados enteiros que daría lugar á penalización da axuda e, mesmo, en maior porcentaxe que se non se establecesen os ditos sublimiars, polo que non se alcanzaría o obxectivo de protexer este cultivo.

Polo tanto, debido á necesidade de dispor dun nivel adecuado da axuda para os tomates destinados á fabricación de tomates pelados enteiros, cuxo cultivo tivo unha importante regresión, é conveniente manter o nivel do seu sublimiar en 111.612 toneladas e a diferenza con respecto ao total, fixado en 1.238.606 toneladas, aplicaríase aos outros tipos de elaborados.

Na elaboración deste real decreto foron consultadas as comunidades autónomas e as entidades representativas dos sectores afectados.

Na súa virtude, por proposta da ministra de Agricultura, Pesca e Alimentación, de acordo co Consello de Estado e logo de deliberación de Consello de Ministros na súa reunión de día 7 de abril de 2006,

DISPONGO:

Artigo único. *Modificación do Real decreto 685/2002, do 12 de xullo, polo que se establecen determinadas medidas para a súa aplicación no sector dos produtos transformados a base de froitas e hortalizas.*

O Real decreto 685/2002, do 12 de xullo, polo que se establecen determinadas medidas para a súa aplicación no sector dos produtos transformados a base de froitas e hortalizas, queda modificado como segue:

Un. O punto 2 do artigo 5 queda redactado do seguinte xeito:

«2. As cantidades de tomate fresco que corresponden a cada sublimiar son as seguintes:

- a) Tomates pelados enteiros en conserva: 111.612 toneladas.
- b) Outros produtos: 1.126.994 toneladas.»

Dous. O punto 2 da disposición derradeira segunda queda redactado do seguinte xeito:

«2. Queda facultado o ministro de Agricultura, Pesca e Alimentación para dispor, se é o caso, a teor do establecido na normativa comunitaria, a non aplicación do réxime de sublimiars de tomate para unha ou varias campañas.

Disposición derradeira primeira. *Título competencial.*

Este real decreto dítase ao abeiro do artigo 149.1.13.º da Constitución, que lle atribúe ao Estado competencia exclusiva en materia de bases e coordinación da planificación xeral da actividade económica.

Disposición derradeira segunda. *Entrada en vigor.*

Este real decreto entrará en vigor o día seguinte ao da súa publicación no «Boletín Oficial del Estado».

Dado en Madrid o 7 de abril de 2006.

JUAN CARLOS R.

A ministra de Agricultura, Pesca
e Alimentación,

ELENA ESPINOSA MANGANA